



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: ORDENANZA REGULADORA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BETANZOS

EXPEDIENTE: 2023/G014/000001

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

SUMARIO

Trámite de consulta pública de Ordenanza Municipal Reguladora da Administración Electrónica Concello de Betanzos, que ten por obxecto: a presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal do Concello de Betanzos para facer posible a consecución máis eficaz dos principios de transparencia e eficacia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía, que se derivan do artigo 103 da constitución e do exercicio dos dereitos recoñecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante LPCAP).

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da Ordenanza Municipal Reguladora da Administración Electrónica do Concello de Betanzos, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As cidadás e cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no borrador da Ordenanza Municipal Reguladora da Administración Electrónica, durante o prazo de dez (10) días, que contarán desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na páxina web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do borrador da Ordenanza Municipal Reguladora da Administración Electrónica Concello de Betanzos pode consultarse durante este período no taboleiro da sede electrónica da web municipal [<https://sede.betanzos.gal>]

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).